

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 10 DE OUTUBRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns restos da estrada autonómica AC-566, a prol do Concello de Valdoviño.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Lobios, dunhas franxas de terreo de dominio público (DP) da estrada autonómica OU-312.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2019.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019 e se lle dá traslado del ao Parlamento de Galicia.

---

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i, por un importe dun millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000,00 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Mos feita a título gratuito polo Concello de Mos (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a execución e resultados da concesión de subvencións aos concellos galegos destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre os proxectos de mobilización de terras como instrumentos de loita contra o abandono.

---

## **APROBADO O DECRETO QUE CREA E REGULA O OBSERVATORIO GALEGO CONTRA A DISCRIMINACIÓN POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO**

- ***O Goberno galego destaca a importancia da creación deste órgano para identificar as necesidades, e para a promoción da igualdade real e efectiva do colectivo LGTBI***
- ***Servirá tamén de foro de diálogo permanente entre a Administración autonómica e o movemento asociativo que teña como obxecto a defensa dos dereitos das persoas LGTBI***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que crea e regula o Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero configurándose como órgano de asesoramento, colaboración institucional e social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero.

A creación deste órgano consultivo considérase fundamental para identificar as necesidades e para a promoción da igualdade real e efectiva do colectivo LGTBI nas diversas esferas da vida social, económica, laboral, sanitaria, educativa e cultural, así como de loita contra a homofobia, bifobia, lesbofobia e/ou transfobia.

A finalidade principal do Observatorio é a promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI e contribuír ao coñecemento da realidade da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero co obxecto de identificar as necesidades e barreiras que impiden o pleno desenvolvemento dos seus dereitos. Servirá tamén de foro de diálogo permanente entre a Administración autonómica e o movemento asociativo que teña como obxecto a defensa dos dereitos das persoas LGTBI.

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia, que establece que os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

### **Principais funcións**

O decreto hoxe aprobado establece entre as súas funcións principais, analizar os principais problemas para o recoñecemento, restablecemento e garantía dos dereitos das persoas LGTBI; realizar propostas e recomendacións en materia de normas e políticas públicas para a garantía dos seus dereitos e para a súa interacción e normalización social plena así como manter unha comunicación permanente coas instancias públicas e privadas para a materialización dos dereitos deste colectivo.

Ademais de realizar un seguimento da evolución dos dereitos e da normalización da situación deste colectivo e actuar como órgano de denuncia en materia de discriminación

---

por razón de orientación sexual e identidade de xénero. E presentar propostas que promovan a transversalidade do enfoque do dereito das persoas LGTBI na posta en marcha, seguimento e avaliación das políticas públicas sectoriais.

### **Composición Observatorio**

O Observatorio estará composto por unha presidencia que recaerá na persoa titular do órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade; unha vicepresidencia que corresponderá a unha persoa representante das asociacións, organizacións, e colectivos LGTBI; e unha secretaria que será ocupada por unha persoa funcionaria que preste servizos no órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de igualdade.

Ademais, estará composto por vogalías en representación da Delegación do Goberno; do Consello Galego de Relacións Laborais; dos órganos da Administración autonómica con competencias en emprego, política social, sanidade, educación, deporte, xuventude, medios de comunicación, cultura e xustiza; da Fegamp, de cada unha das Universidades galegas, das organizacións sindicais e da Confederación de Empresarios de Galicia; así como decada asociación, organización e colectivo LGTBI e outras entidades relacionadas coa defensa dos dereitos das persoas LGTBI que soliciten formar parte do Observatorio.

## A XUNTA DE GALICIA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO DE CINCO TRAMOS ANTIGOS DA ESTRADA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA NARÓN-CAMPO DO HOSPITAL

- ***O Decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico acorda o cambio de titularidade destes treitos, resultantes das melloras acometidas polo departamento de Infraestruturas da Xunta no trazado da AC-566***
- ***O concello asume tres tramos na marxe esquerda desta estrada, nos puntos quilométricos 16+360 a 16+480, 23+940 a 24+010 e o 15+070 a 15+180, este último coa condición de que se solicite o acceso actualmente inhabilitado***
- ***Os outros dous tramos que se transfiren ao municipio sitúanse na marxe dereita da mesma estrada AC-556, nos puntos quilométricos 25+150 a 25+200 e 25+230, ata o estribo da antiga ponte***
- ***O Concello de Valdoviño poderá actuar sobre os elementos que se transfiren, que pasan a ser de titularidade municipal, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello de Valdoviño de 5 tramos antigos da estrada de titularidade autonómica, AC-566, Narón-Campo do Hospital, resultantes de melloras de trazado acometidas polo departamento de Infraestruturas da Xunta dentro de termo municipal do municipio coruñés.

O Concello de Valdoviño manifestou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o seu interese pola transferencia de sete tramos antigos da estrada AC-566 situados entre os puntos quilométricos 8+950 e 25+300 da vía autonómica.

Á vista do informe do departamento de Infraestruturas da Xunta, o Executivo autonómico deu o visto e praxe ao decreto que aproba o cambio de titularidade de cinco tramos. En concreto, na marxe esquerda da estrada transfírense os tramos dos puntos quilométricos 16+360 a 16+480, 23+940 a 24+010 e o 15+070 a 15+180, este último coa condición de que o Concello solicite o acceso ao servizo de Infraestruturas da Coruña, pois actualmente está inhabilitado.

Os outros dous tramos que se transfiren ao Concello de Valdoviño sitúanse na marxe dereita da mesma estrada AC-556, nos puntos quilométricos 25+150 a 25+200 e 25+230, ata o estribo da antiga ponte.

Os outros dos tramos solicitados polo concello coruñés de Valdoviño recibiron informe desfavorable de cambio de titularidade, un treito por ser cualificado como sobrelargo por seguridade viaria da AC-566 e o outro tramo por servir para a provisión de madeira

Co cambio de titularidade destes tramos, o Concello de Valdoviño poderá actuar sobre os elementos que se transfiren, que pasan a ser de titularidade municipal, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns das zonas polas cales discorre.

A transferencia da titularidade permite ao Concello de Valdoviño intervir sobre estes treitos de estrada, o que facilitará os labores de mantemento e favorecerá as tarefas da Administración local con respecto ás necesidades dos usuarios.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como órgano competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta ao non ter que explotar a totalidade da vía, e para o concello, xa que facilita a xestión e libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada autonómica.

O cambio de titularidade a prol da Administración local formalizárase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A continuación, un plano en que se amosan os treitos que se transfiren ao Concello de Valdoviño.



Correo-e: [comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)

---

**A XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE LOBIOS DUN CAMIÑO DE SERVIZO NA ESTRADA DE CONEXIÓN CON PORTUGAL, PARA EXECUTAR UNHA CICLOVÍA DE VILAMEÁ A BAÑOS DE RIOCALDO**

- ***O Executivo galego, á vista do informe do departamento de Infraestruturas da Xunta, autoriza o cambio de titularidade de tres zonas de dominio público viario na marxe dereita desta estrada de titularidade autonómica***
- ***O cambio de titularidade facilita á Administración local a xestión e libera aos cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada autonómica***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se acorda a transferencia a prol do Concello de Lobios dun camiño de servizo na estrada OU-312, Lobios-Fronteira de Portugal, que permite ao concello ourensán a execución dunha ciclovia de Vilameá a Baños de Riocaldo.

O Concello de Bande manifestou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o seu interese polo cambio de titularidade do camiño de servizo existente na marxe dereita desta estrada autonómica, entre Vilameá e Bubaces.

O Goberno galego, á vista do informe do departamento de Infraestruturas da Xunta, autoriza a transferencia de titularidade a prol do Concello de Lobios de tres zonas de dominio público viario na marxe dereita da estrada de titularidade autonómica OU-312.

Trátase do camiño de servizo e franxa de dominio público desde o punto quilométrico 5+460 ao p.q. 6+140, e as franxas de dominio público desde o punto quilométrico 6+250 ao 6+365 e desde o punto quilométrico 6+375 ao 6+400.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta lei permite axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta, ao non ter que explotar a totalidade da vía, e para o concello, xa que facilita a xestión e libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada autonómica.

A continuación, un plano en que se amosan a zona que se transfere ao Concello de Lobios e que fará posible a construción da ciclovia que ten previsto executar o Concello de Lobios.





---

## **A XUNTA APROBA O CALENDARIO LABORAL 2019 QUE TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS SAN XOSÉ (19 DE MARZO), AS LETRAS GALEGAS (17 DE MAIO) E O DÍA DA COMUNIDADE (25 DE XULLO)**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto que agora terá que publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos***
- ***Cando os festivos nacionais obrigatorios coinciden en domingo cada comunidade pode substituílo por outro día de interese, unha circunstancia que en 2019 se produce o 8 de decembro, que se substituirá polo 19 de marzo -San Xosé-***
- ***Entre os tres festivos nacionais que teñen carácter opcional, elíxese o 17 de maio -o Día das Letras Galegas- pola súa gran tradición e importancia para a cultura galega, o 25 de xullo por ser o Día Nacional de Galicia e o 18 de abril -Xoves Santo-***

O Consello da Xunta vén de aprobar hoxe o Decreto que fixa o calendario laboral para 2019. Galicia terá como festivos propios o próximo ano os días 17 de maio, Días das Letras Galegas; o 19 de marzo, San Xosé; e o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia. Unha vez aprobado o calendario, tras debaterse a proposta no Consello Galego de Relacións Laborais, o seguinte paso será a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

A normativa estatal, fixada polo Real Decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (19 de abril en 2019), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2019 hai un só festivo nacional que coincide en domingo: o 8 de decembro, Inmaculada Concepción, que se substituirá polo 19 de marzo (San Xosé).

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo, como ocorre en 2019; o Xoves Santo (o 18 de abril en 2019), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dásele a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo, que na nosa Comunidade sempre se fixa o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia. Así quedou establecido, ademais, polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

O 6 de xaneiro, ao caer en domingo, substitúese polo 17 de maio, o Día das Letras Galegas. O Goberno galego considera que esta xornada ten que seguir sendo festiva pola súa importancia para a cultura galega, por tratarse dunha festa de carácter cultural e polo seu significado: foi instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para conmemorar o libro de Rosalía de Castro *Cantares Galegos* e porque fomenta a lingua e a cultura da nosa Comunidade.

Unha vez aprobados os festivos de carácter autonómico, cada concello galego deberá establecer os seus dous días festivos locais. Para iso será necesario a súa aprobación polos plenos das administracións locais.

### **Calendario laboral de Galicia para 2019**

<b>FESTIVIDADE</b>	<b>DATA</b>	<b>DÍA DA SEMANA</b>
Aninovo	1 de xaneiro	Martes
San Xosé	19 de marzo	Martes
Xoves Santo	18 de abril	Xoves
Venres Santo	19 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Mércores
Día das Letras Galegas	17 de maio	Venres
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Xoves
A Asunción da Virxe	15 de agosto	Xoves
Día da Hispanidade	12 de outubro	Sábado
Todos os Santos	1 de novembro	Venres
Día da Constitución	6 de decembro	Venres
Nadal	25 de decembro	Mércores

---

## **A XUNTA DE GALICIA APROBA UN TEITO DE GASTO PARA 2019 DE 9.850 MILLÓNS, UN 3,8% MÁIS QUE ESTE ANO**

- *Disporá de 363 millóns de euros máis que no orzamento deste exercicio*
- *Os recursos da Xunta medraron en máis de 1.400 millóns en catro anos*
- *Galicia reducirá ao 0,1% o déficit e mantén a aposta polo crecemento san*
- *O Goberno galego eleva ao 2,8% a previsión do PIB para este 2018, tres décimas máis que o estimado nos orzamentos*
- *As previsións para 2019, avaladas xa pola AIREF, indican que Galicia seguirá medrando en 2019, ao 2,5%, e reducindo a taxa de desemprego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o teito de gasto non financeiro da Xunta de Galicia para 2019, que ascende a 9.850 millóns de euros, un 3,8% máis que o orzamento aprobado pola Xunta para este ano. Isto supón que o gasto da Comunidade Autónoma para o vindeiro exercicio poderá aumentar ata 363 millóns de euros respecto ao orzamento para 2018.

Tal como avanzara onte o presidente da Xunta no debate de política xeral celebrado no Parlamento, o Consello aprobou o teito de gasto para poder presentar en tempo e forma os orzamentos do vindeiro exercicio. O teito de gasto non financeiro para 2019 contará con máis recursos (363 millóns máis) e con menos débeda, posto que Galicia reducirá o seu déficit ata os 69 millóns de euros, o 0,1% do PIB. Isto quere dicir que, en 2019, Galicia non dependerá practicamente da débeda pública.

Dos 9.850 millóns de euros de límite de gasto aprobado hoxe, 9.756 son ingresos non financeiros, 69 proceden do obxectivo de déficit e 25 millóns de axustes de contabilidade nacional. Con todo, a capacidade de gasto real en 2019 será maior destes 363 millóns, xa que Galicia volverá reducir o gasto en xuros de débeda. Así, no vindeiro ano, Galicia acadará practicamente a estabilidade orzamentaria grazas ao esforzo feito desde 2009.

Galicia mantén a súa aposta por un crecemento san que permite incrementar os investimentos e reforzar o gasto social ao tempo que se reduce o gasto en xuros da débeda, e cumprindo sempre os obxectivos de estabilidade orzamentaria aprobados no Consello de Política Fiscal e Financeira, como vén facendo todos os anos.

Hai que ter en conta que a Comunidade galega contará en 2019 con 1.400 millóns de euros máis respecto do ano 2015. Estes maiores recursos permitirán consolidar a recuperación económica, desenvolver novas políticas de impulso, fortalecer a reactivación do emprego e, en definitiva, lograr que a recuperación sexa completa e chegue a todos os fogares galegos.

### **Previsións macroeconómicas**

En canto á actualización do cadro macroeconómico, a Xunta de Galicia prevé que neste 2018 a economía galega rexistre un mellor comportamento do previsto. O novo cadro mostra que o PIB de Galicia medrará este ano un 2,8%, tres décimas máis do estimado nos

orzamentos en vigor. Respecto do desemprego, a previsión da Xunta para este ano é que se manteña a baixada da taxa de paro ata o 14,1%, mellorando nunha décima a previsión.

Esta mellora dos dous indicadores é consecuencia do comportamento económico do primeiro semestre, que foi mellor do esperado, pero tamén ten en conta a inestabilidade e as incertezas que xa están a afectar o conxunto de España.

O Goberno galego tamén deu a coñecer as primeiras estimacións para 2019, unhas previsións que veñen de ser avaladas pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIREF). En 2019 prevese que a economía galega siga medrando con forza e a estimación de evolución do PIB galego sitúase no 2,5%, na liña do previsto no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Ademais, a taxa de paro seguirá baixando ata situarse no 12,7%, froito da mellora do mercado laboral.

Con estas previsións, o Executivo galego espera cumprir o obxectivo de que Galicia siga medrando máis que España e que, deste xeito, continúe avanzando no proceso de converxencia co resto do Estado, como vén facendo nos últimos anos.

Unha vez aprobado hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego remitirá inmediatamente o acordo ao Parlamento para a súa aprobación na cámara autonómica.

---

**EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE I+D+i COA  
UNIVERSIDADE DE VIGO CUN INVESTIMENTO DE 1,25 M €**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio coa UVigo co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica***
- ***Unhs 350.000 euros destínanse a afianzar as infraestruturas de investigación de Enxeñaría Aeroespacial, do Politécnico de Ourense e do edificio de Ciencias do Mar en Vigo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo), a través do cal o Goberno galego financiará cun total de 1.250.000 euros o desenvolvemento de accións específicas en materia de I+D+i por parte desta universidade co obxectivo xeral de avanzar cara a un sistema integral de excelencia científica.

Este acordo enmárcase na liña estratéxica do Goberno galego de ofrecer apoio ao desenvolvemento da investigación universitaria, en consonancia coa aposta polo crecemento intelixente que fai o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, para o cal tamén se asinaron convenios específicos coas outras dúas universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade da Coruña (UDC).

No caso concreto da Universidade de Vigo, o convenio autorizado hoxe refírese ao desenvolvemento de novas accións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación de recursos.

Establécense así seis grandes eixos que atinxen á Área de Tecnoloxía da Información e Comunicacions, os centros de investigación desta universidade, a remodelación do arquivo/museo de mostras científicas, actuacións en materia de eficiencia enerxética e climatización, infraestruturas de investigación e xornadas de portas abertas e congresos, que suman unha inxección económica por parte da Xunta de Galicia de 1.250.000 euros para o presente ano.

**Infraestruturas e centros de investigación**

A maior parte da contía global absórbea o apartado de infraestruturas de investigación (350.000 euros), seguida dos centros de investigación (271.418 euros).

Así, no caso das infraestruturas inclúese o acondicionamento e equipamento dun espazo polivalente no edificio de Ciencias do Mar en Vigo; a implantación de espazos docentes e de investigación no pavillón Martínez Risco de Ourense para mellorar a infraestrutura do grao de Enxeñaría Aeroespacial; e obras no edificio Politécnico de Ourense, onde se

---

desenvolve a maior parte da investigación do ámbito científico tecnolóxico do campus de Ourense.

No que atinxe aos centros de investigación, ao abeiro deste convenio realizaranse melloras no CINBIO (adaptación do laboratorio NBC3 á normativa internacional e climatización do animalario); e no CACTI (vitrinas de gases en técnicas radioquímicas e adecuación de espazos para novos equipamentos).

### **Mellora en edificios científicos**

A mellora dos edificios científicos absorbe unha contía de 215.000 euros que abranguen accións de climatización e instalación de equipos arrefriadores e caldeiras en xeral, así como eficiencia térmica nas escolas de enxeñaría de Telecomunicacións e Industriais e na de Química.

No ámbito de Tecnoloxía da Información e Comunicacions invístense 205.000 euros que permitirán a adquisición de infraestruturas tecnolóxicas, *hardware*, licenzas, mantemento de equipamentos de seguridade e servidores e equipamento audiovisual, entre outros.

O resto das partidas destínase á remodelación do arquivo-museo de Mostras científicas (158.582 €) e a xornadas e congresos (50.000 €) para crear debate e intercambio de experiencias entre investigadores, así como a actividades de portas abertas para poñer en valor o traballo investigador realizado nos centros de investigación e sensibilizar a sociedade sobre os avances científicos impulsados polo Sistema Universitario Galego.

---

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO TERREO E DO CENTRO DE SAÚDE DE MOS**

O Consello da Xunta vén de autorizar a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Mos (Pontevedra), que conta cunha superficie total construída de 1.555,46 m<sup>2</sup>. A transferencia deste centro ten un custo de mantemento anual estimado pola Xerencia de Xestión Integrada de Vigo en 84.680 euros.

Esta nova cesión forma parte do grupo de centros de saúde dos cales o Sergas asumiu os seus custos de mantemento ao longo do presente ano: Paderne, Lestrobe, Tordoia, A Pastoriza, Baralla, Barreiro, Sober, O Rosal, Catoira, Mosteiro (Meis), Cualedro, Porqueira e Vimianzo.

Coa transferencia destes 14 centros do ano 2018, o número total de centros de titularidade municipal asumidos polo Servizo Galego de Saúde no eido do Pacto local ascende a 86.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é en todo caso voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios en que se establecen as bases de cooperación co Sergas para “a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento”. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

## **A XUNTA DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ESPAZOS E EDIFICIOS PÚBLICOS DE 26 CONCELLOS DE GALICIA**

- ***As axudas, cofinanciadas polo programa operativo Feder Galicia 2014-2020, contemplan unha achega máxima por entidade do 70% do orzamento total subvencionable ate un máximo de 60.000 euros***
- ***As intervencións financiadas inclúen obras de eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación, así como a compra e instalación de equipamentos para garantir a accesibilidade en edificios e espazos de uso público***

Un total de 26 concellos galegos resultaron beneficiados co plan de mellora da accesibilidade de espazos e edificios públicos que o Goberno galego leva a cabo ao abeiro dos fondos europeos de desenvolvemento rexional (FEDER Galicia 2014-2020) e cuxa contía global ronda o 1,1 millón de euros (1.096.891 €). Así se recolle no informe sobre o balance deste programa de subvencións que a Administración autonómica desenvolve ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2017 (DOG de 9 de agosto de 2017) e do que hoxe se deu conta no Consello da Xunta.

As actuacións subvencionables no marco desta convocatoria, as cales deberán ter rematado antes do 31 de outubro deste ano, son: a execución de obras de mellora para garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, e traballos e intervencións para eliminar as barreiras de comunicación en edificios e espazos de uso público. Máis concretamente e entre as actuacións realizadas no espazo público están a creación de itinerarios accesibles e comprensibles, a través de recursos tales como a construción e/ou adaptación de beirarrúas, instalación de vaos, pasos de peóns, ramplas non mecánicas ou pasamáns; a dotación de prazas de aparcadoiro e mobiliario urbano (semáforos sonoros, contedores, papeleiras, bancos, puntos de información, paradas de autobuses, marquesiñas, ascensores e plataformas elevadoras, ramplas e escaleiras mecánicas, vestiarios, aseos, guindastres para piscina, mostradores...) e a sinalización e instalación de mecanismos: mapas urbanos, cartelería con braille e altorelevo ou pantallas de información. E no que respecta ás obras de mellora realizadas en edificios públicos, estas se centraron na instalación de ascensores ou ramplas, plataformas elevadoras, pasamáns e ramplas non mecánicas, itinerarios accesibles, vestiarios, aseos, puntos de atención ou de chamada, guindastres para piscina, mostradores, sinalética, asentos accesibles, entre outros, así como na sinalización e instalación de mecanismos, tales como: cartelería con braille e altorelevo, pictogramas e pantallas de información.

A contía máxima de axuda por entidade beneficiaria podía acadar os 60.000 euros, non excedendo en ningún caso o 70% do orzamento total subvencionable. As achegas concedéronse en réxime de concorrencia competitiva e chegaron ao 100% dos solicitantes que acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria. Esta é a segunda vez dende 2009 que se convoca esta liña de axudas, xa que en 2016 un total de



---

18 concellos se beneficiaron dun programa que contou cun orzamento de 900.000 euros e co que o Goberno galego dá cumprimento a unha das obrigas que se asume na Estratexia Galega sobre Discapacidade 2015-2020: asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural.

## **A XUNTA IMPULSA DIFERENTES PROXECTOS DE MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS EN TODA GALICIA CUN INVESTIMENTO DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS**

- *Trátase de recuperar soutos, pasteiros e diferentes cultivos en áreas en desuso para poñelos en valor mediante o seu arrendamento pactado, que permite un arrendo rápido e con condicións de prezo e prazo conformes cos intereses das dúas partes*
- *Este sistema, impulsado pola Consellería do Medio Rural a través de Agader e o Banco de Terras, ten un carácter pioneiro e xa espertou interese tanto dentro como fóra de España*

A Consellería do Medio Rural impulsa, a través do Banco de Terras de Galicia, diferentes iniciativas de loita contra o abandono de terras agrarias en toda a comunidade e que involucran uns 1.000 propietarios. O investimento para este ano é de 786.000 euros e agárdase que en 2019 se chegue aos dous millóns de euros mais. Estes datos forman parte dun informe elaborado sobre a materia pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e que foi avaliado hoxe polo Consello da Xunta. O documento recolle información dos oito proxectos actualmente en marcha noutras tantas zonas de Galicia.

Trátase da recuperación de soutos tradicionais no Courel; a posta en valor de terras abandonadas para prados en Sober; a recuperación de pasteiros de montaña nos Ancares; a recuperación de zonas de concentración parcelaria afectadas por incendios para produción de cereais e viñedos en Cualedro e Oímbra; a posta en marcha dunha finca piloto para produción de pemento da Indicación Xeográfica Protexida pemento de Arnoia neste concello ourensán; a recuperación de terras abandonadas para prados en Val de Lemos e a redistribución de terras en base a permutas voluntarias en Sarria (proxecto Marcos).

A estas iniciativas súmanse ata un total de cinco novos proxectos en diferentes emprazamentos e grupos de cultivos, tales como cereais, oliveiras, castiñeiros e horta e flor. Así, están iniciadas ou en fase de estudo iniciativas como o aproveitamento de cereal en Vilalba, oliveiras en Quiroga e horta e flor no Baixo Miño, así como a plantación de cereais no Barco de Valdeorras e cultivos forraxeiros e castiñeiros na Cañiza. Ademais, hai previstos, cara o futuro, outros dous proxectos vinculados ao viñedo en Arbo e á silvicultura na costa norte da provincia da Coruña.

### **Identificación e concentración**

Mediante esta figura o Banco de Terras actúa como instrumento de identificación de áreas de gran aptitude agraria e elevado grao de abandono, de elemento para a concentración da oferta a través da dinamización das persoas titulares –fundamentalmente coa colaboración dos concellos– e de posta en contacto e arbitrase entre titulares e axentes –cooperativas, empresas agrarias, etc.– interesados en promover proxectos produtivos agrarios de gran envergadura.

---

O sistema de xestión das terras, unha vez recuperadas, é o da incorporación ao Banco de Terras e o seu arrendamento baixo a figura do alugueiro pactado, que permite un arrendo rápido e con condicións de prezo e prazo conformes cos intereses das dúas partes. Non se desbota a xestión directa da produción por parte das persoas titulares, baixo forma asociativa, en casos especiais.

O obxectivo de todas estas accións é recuperar grandes áreas de terras en desuso mediante proxectos únicos, no canto de actuar de xeito individual sobre cada parcela. Así mesmo, búscase evitar as sancións por abandono e proporcionar rendas por arrendamento ás persoas titulares desas terras, así como desenvolver unha ferramenta eficaz para a loita contra os incendios forestais.

Este tipo de mobilización de terras ten un carácter pioneiro e xa espertou interese noutras comunidades españolas e mesmo máis alá das nosas fronteiras, cando foi exposto en diferentes foros internacionais polo director xeral de Agader, no contexto da Rede de Xestión de Terras Agrarias da FAO.